Universidade da Coruña

# Guía de recursos dixitais da web da UDC

Talleres de uso das TICS para a Orientación Universitaria

**Proxecto cofinanciado por:**

# Guía de recursos dixitais da web da UDC


| | |
|---|---|
| **Índice** | **Pax 2** |
| **Introdución** | **Pax 3** |
| **¿Como é a UDC?** | **Pax 4** |
| **¿Qué podo estudar?** | **Pax 5** |
| **¿Qué recursos dixitais podo utilizar?** | **Pax 6** |
| **¿Como vai iso da investigación?** | **Pax 7** |
| **¿E con que axudas conto?** | **Pax 8** |
| **¿Despois terei un traballo?** | **Pax 9** |
| **Máis cousas sobre a universidade** | **Pax 10** |

# Introduccion:

**Vivimos inmersos na sociedade da información, e as TIC´s convertéronse na nosa principal ferramenta de aprendizaxe, acceso ao entretemento e busca de información.**

**As Universidades non permanecen alleas a uso cotiá que a mocidade fai de Internet, e por iso están presentes na rede: con webs institucionais e con portais de información e servizos adaptados as necesidades de consulta e xestión para este sector da sociedade**

**O obxecto destes manuais é ofrecer unha visión dos servizos das universidades de Galicia e Norte de Portugal (UDC, USC, UVigo, UP, UMinho, e UTAD) e espertar o interese cara os seus contidos coma principal canle para resolver dúbidas, recoller información e aproveitar aqueles servizos que resultan de utilidade para calquera persoa na sua etapa universitaria, pre ou post engadidos.**

**Asemade, como complemento da información que resulte de interese en cada web, invitamos a consultar o espazo en Internet do CEER, Fundación Centro de Estudios Eurorrexionais http://fceer.com, ou seguir os seus perfís en Facebook e Twitter, onde publican e manteñen información actualizada sobre actividades, ofertas de emprego, e bolsas das seis universidades. Subscríbete ao seu boletín de novas e comparte os seus perfís nas redes sociais para que a información chegue a ti.**

**[captura]**

**Coñece as carreiras que podes estudiar, os recursos e servizos, o profesorado, as saidas profesionais... de cada universidade, bota un ollo ao seu funcionamento**




## ¿Como é a UDC?

Sobre a UDC, a primeira información que podes consultar na web da UDC é a que fai referencia a súa historia, na parte superior do menú esquerdo da páxina.

A continuación a UDC describe como é a organización interna da institución, quen a dirixe (O reitor e os vicerreitores), e como se organizan as distintas areas e servizos da universidade.

Neste mesmo menú, o enlace "localización" conduce a un mapa dinámico que presenta a información sobre a localización dos distintos centros da USC diseminados pola cidade da A Coruña.

A parte inferior desta web, queda fora da imaxe, publica información de atualidade referente a actividades da UDC, conferencias, bolsas e axudas.

Esta portada é útil como acceso a toda a información sobre a universidade, a UDC e as súas institucións, e tamén coma fonte de información de actualidade sobre a UDC.

Como elemento de importancia vemos no centro da imaxe varios enlaces para coñecer o novo sistema universitario e información sobre o acceso a universidade. Consulta "Guía de Acceso" para informarte sobre como ingresar na Universidade que define o "Espazo Europe Universitario".




# ¿Qué podo estudar?

# ¿Onde?¿Qué saídas ten?

# ¿Que mais podo facer?

Se a información recollida no menú esquerdo baixo os enlaces da sección " ensino" non é suficiente para ti, se queres consultar a información referente as titulacións que imparte a UDC, os centros onde se cursan e a estrutura das novas carreiras presentado dun xeeito mais sinxelo debes ir ao enlace **SAPE.**

Enlace que leva a una páxina de asesoramento ao alumnado, e buscar o enlace de **Orientación Academica**, ondea atoparas dun xeito mais estruturado e cómodo toda a información necesaria para resolver dubidas sobre as titulacións e a universidade. Esta paxina SAPE e a principal ferramenta de asesoramento para os alumnos en tódolos ámbitos que a UDC dipon.

Todalas dubidas pódense resolver consulando a información desta web

# ¿Qué outros recursos dixitais podo utilizar?




Un dos principais recursos dixitais dos que dispón a UDC para que os alumnos saquen adiante os seus proxectos e estudios son os servizos que pon a súa disposición baixo o paraugas do portal das bibliotecas.

Neste, ademais de consultar os fondos dispoñibles nas diferentes bibliotecas universitarias, a UDC dispón de materiais dixitalizados para facilitar a súa consulta.

Tamén ten acceso a revistas científicas electrónicas, bases de datos e outros recursos relevantes para a investigación e o estudio. Este apartado e una via moi útil para completar apuntes e coñecer información novidosa sobre a produción científica.

O campus virtual é una ferramenta para a tele-formación e para o contacto fluído entre profesores e alumnos. Dentro del atopase Información do día a día sobre datas de practicas, entrega de traballos, exames, e convocatorias diversas podese consultar no seu interior, ademais de cursar materias de xeito non presencial.






# ¿Como vai iso da investigación?

A medida que avances nas clases iras entrando en contacto coa investigación universitaria, cos seus laboratorios, equipamentos e centro. Información referente a este aspecto concentrase na web do SAI.

A traves dela podes ter un primeiro contacto ou familiarizarte coas principais actividades de investigación da UDC, e a partires desta porta de entrada, pasar a coñecer os grupos de investigación que traballan con eles. O paso seguinte seria dar un paseo virtual polos centros do parque tecnolóxico e polas actividade dos institutos de investigación da Universidade da Coruña.

.

Coñecer esta sección pódenos guiar sobre saídas das titulacións, sobre bolsas ou sobre outras oportunidades útiles no noso futuro.

**Coñece a actividade dos laboratorios e visita os centros tecnolóxicos e institutos de investigación**

# ¿E con que axudas conto?

Dende o enlace de bolsas u no apartado de bolsas en orientación académica na paxina do SAPE podes consultar as convocatorias vixentes para as diferentes modalidades de bolsas de apoio ao estudio.

Entre os distintos tipos de bolsas atopamos as de ámbito estatal, autonómico ou propias da universidade, e as súas modalidades cubran matriculas, aloxamento ou outras necesidades. Por outro lado tamén podes consultar as bolsas para estudos ao estranxeiro.






# ¿Despois terei un traballo?

Accedendo polo menú principal dende o enlace de "emprego" ou na sección de orientación laboral na páxina principal do SAPE podes consultar toda a información que a UDC presenta como materia de axuda a inserción laboral, oportunidades de emprego, practicas en institucións, ademais de coñecer os programas de asesoramento e formación para os seus titulados. Para eso tes a tua disposición a web do SAEE, Servizo de Apoio ao Emprendemento e ao Emprego, e ademais ao Observatorio Ocupacional da UDC.












# Máis cousas sobre a universidade

Como complemento a actividade docente e de investigación a UDC ten un amplo programa de actividades deportivas, culturais e de investigación que podes consultar a través das diferentes sección da sua web de servicios de extensión universitaria.

Coñecer a oferta de extensión universitaria permítenos formar parte a universidade implicándonos nas suas actividads dun xeito mais directo, mellorando o curriculum, coñecendo xente e disfrutando de novas experiencias.

